



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ PARA O PROXECTO “REDUCIR O RISCO E MELLORAR A RESILIENCIA FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA DAS MULLERES, NENAS E NENOS PERTENCENTES Á POBOACIÓN REFUXIADA, DESPRAZADA Ou RETORNADA EN ASENTAMENTOS DA REXIÓN DE DIFFA, NÍXER.”

(1) Consonte a Resolución publicada no Boletín Oficial del Estado de 4 de agosto de 2018 faise público o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento do *Pacto de Estado contra a violencia de género* polas CC.AA, tendo en conta as súas competencias na materia.

No caso de Galicia o Estado puxo a disposición estes créditos no orzamento da Secretaría Xeral de Igualdade quen, dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos, puxo a disposición destes organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes. Entre ditos organismos se atopa a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colaborará no cumprimento das medidas 36 e 37 do Pacto de Estado.

A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) é unha ONG, sen ánimo de lucro, laica, independente de calquera opción partidista, defensora dos valores democráticos desde unha opción de xustiza social e económica e que, desde o seu nacemento en 1990, aposta firmemente polo pacifismo, a tolerancia e o diálogo. Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Axentes Galegos de Cooperación para o Desenvolvemento, con número A-56, e



é a organización que historicamente nos diferentes exercicios de planificación ten xestionado o maior número de subvencións nos diferentes ámbitos de cooperación para o desenvolvemento, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento.

As intervencións en situacións humanitarias e de emerxencia formaron parte do traballo de ACPP desde a súa creación, concretamente en 2015, comezou a traballar con mozos malianos desprazados/ as en Níxer, para protexerlles contra a violencia e a violencia de xénero, e evitar o seu recrutamento para o conflito armado maliano. ACPP non traballa en Níxer de forma unilateral, senón que ten un acordo de partenariado desde 2010 coa Association pour l'le Secours aux Populations Vulnérables (DIKO), entidade socia local na presente intervención.

(3) **Finalidade** co fin de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a ACPP para Reducir o risco e mellorar a resiliencia fronte á violencia machista das mulleres, nenas e nenos pertencentes á poboación refuxiada, desprazada ou retornada en asentamentos da Rexión de Diffa, Níxer, en cumprimento da 37 do *Pacto de Estado*, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por **obxecto** contribuír ao exercicio do dereito para vivir con dignidade e a protección das mulleres, nenas e nenos pertencentes á poboación refuxiada, desprazada ou retornada na Rexión de Diffa, Níxer, reducindo o risco e aumentando a súa resiliencia fronte á violencia machista.

(5) Tendo en conta as especificidades deste convenio enmarcado *no Pacto de Estado contra a violencia de género* e as que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

